

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ.

CEIP PONTE CARREIRA. Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN

- 1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
- 1.2 PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE NO DEPARTAMENTO
- 1.3 INTRODUCCIÓN E VALOR NA MATERIA DENTRO DO MARCO NORMATIVO

2. PROGRAMACIÓN DO PROCESO DIDÁCTICO

- 2.1 OBXECTIVOS XERAIS
- 2.2 CONTRIBUCIÓN Á CONCRECIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 2.3 METODOLOXÍA DIDÁCTICA
 - 2.3.1 Aspectos metodolóxicos-didácticos de carácter xeral
 - 2.3.2 Concreción metodolóxica da materia
- 2.4 TEMPORALIZACIÓN
- 2.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE
 - 2.5.1 Procesos de avaliación
 - 2.5.2 Instrumentos de avaliación
 - 2.5.3 Criterios de cualificación
 - 2.5.4 Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendiente en cursos anteriores
- 2.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- 2.7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 2.7.1 Agrupamentos flexibles en 1º e 2ºESO en Lingua Castelá
 - 2.7.2 Actividades de reforzón e ampliación
 - 2.7.3 Adaptacións curriculares significativas
 - 2.7.4 Programas de recuperación
 - 2.7.5 Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor
- 2.8 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 2.9 ACCIÓNS DE EDUCACUÓNEN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
 - 2.9.1 Educación en valores
 - 2.9.2 Contribución ao plan de convivencia

- 2.10 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
- 2.11 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 2.12 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

3. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- 3.1 PRIMEIRO DE ESO
- 3.2 SEGUNDO DE ESO
- 3.3 TERCEIRO DE ESO
- 3.4 CUARTO DE ESO

4. MÍNIMOS ESIXIBLES

- 4.1 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 1º DE ESO
- 4.2 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 2º DE ESO
- 4.3 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 3º DE ESO
- 4.4 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA 4º ESO

ANEXO 1. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19

1. CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN

1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CPI Ponte Carreira, é un centro escolar que se atopa no concello de Frades, na provincia da Coruña. É un Centro Público Integrado ubicado no medio rural, próximo a cidades importantes (Santiago, A Coruña) pero instalado aínda en formas de vida tradicionais cos procesos de socialización que lle son propios, aínda que tamén en crise.

O Centro divídese en dous edificios, e ofrece, como oferta educativa, Infantil, Primaria e Secundaria. Os dous primeiros comparten espazo e Secundaria ten edificio propio.

A economía das familias vén determinada pola polarización que supón a cercanía de Compostela; explotacións gandeiras, agrícolas e forestais serían os principios puntais. Podemos falar dun nivel económico-social medio. A escasa vida cultural, en certa maneira favorecida pola dispersión xeográfica, céntrase en gran medida na presenza do centro escolar e nas aportacións do concello a través dos centros socio-culturais.

1.2 PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE NO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura é unipersoal. A profesora e xefa do departamento é Margarita de Azevedo Pinto e é a encargada da impartición da materia nos 4 cursos da ESO.

1.3 INTRODUCCIÓN E VALOR DA MATERIA DENTRO DO MARCO NORMATIVO

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da ORDEN de 19 de mayo de 2021 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2021/22 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia (DOG 04/06/2021).

E o establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula en toda a súa extensión o sistema educativo, tendo como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva tratando de conseguir que alcancen o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades. O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para a etapa educativa de educación secundaria obrigatoria está establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta lexislación o papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas.

O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade.

Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación.

O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas

compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da **competencia comunicativa** do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Co bloque de "**Comunicación oral: escoitar e falar**" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque de "**Comunicación escrita: ler e escribir**" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque de "**Coñecemento da lingua**" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque de "**Educación literaria**" asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras

literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

2. PROGRAMACIÓN DO PROCESO DIDÁCTICO.

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua

castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2 CONTRIBUCIÓN Á CONCRECIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES

A área de Lingua Castelá e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.

A lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumnado para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar criticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

En Galiza, recollendo as normas do *Estatuto de Autonomía*, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.

Dado que a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística (CCL) en toda a súa extensión. Debemos ter especialmente presente a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Castelá garda unha relación moi estreita coas outras competencias básicas:

Competencia para aprender a aprender (CAA). O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia, que se debe desenvolver a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. A Lingua Castelá e Literatura favorece a estruturación do pensamento e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe que se poden extrapolar a outras áreas e contextos. Neste sentido traballaremos de forma prioritaria:

- A xestión dos recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- A cración de estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- A aplicación de estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico e emocional.
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Algunhas das actividades que na nosa materia facilitan as citadas estratexias son:

As lecturas comprensivas.

- ✓ Os debates e conversas reflexivas.
- ✓ A composición e síntesis, resumos, esquemas e mapas conceptuais que organicen ideas.

- ✓ A interpretación das información lingüísticas dos dicionarios.
- ✓ As exposicións e conclusións sobre tarefas académicas.
- ✓ A autocorrección, autoavaliación e coavaliación das actividades.
- ✓ Potenciación da motivación e da confianza.

Tamén contribuirá decisivamente a valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio así como a potenciación da motivación e da confianza.

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección (oral e escrita) como unha maneira de aprender.

Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE). A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. É así que faremos especial fincapé en que o alumnado:

- ◆ Optimice os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- ◆ Asuma as responsabilidades encomendadas e dea conta delas.
- ◆ Sexa constante no traballo superando as dificultades.
- ◆ Axuste a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- ◆ Xestione o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- ◆ Xere novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- ◆ Optimice o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- ◆ Mostre iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense desde a materia de lingua e literatura co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación. É así que algunhas das actividades que na nosa materia contribúen a desenvolver esta competencia son:

- ✓ As intervencións en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- ✓ Os obradoiros de escrita.
- ✓ As las de obras literarias. A lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- ✓ Os traballos en grupo.
- ✓ A localización e selección de información.
- ✓ A investigación sobre temas.

- ✓ As postas en común.
- ✓ A orientación lectora.
- ✓ A participación en proxectos de dinamización lingüística.
- ✓ Fomento da autoestima lingüística.
- ✓ Actividades que motiven a cumprir obxectivos, etc.

Competencia dixital (CD). A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa.

É así que a relación da competencia dixital coa lingua castelá e literatura ten dúas dimensións complementarias:

Dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e ós alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verba da área que nos ocupa, desde as máis estritamente lingüísticas (como dicionarios, correctores ortográficos...) ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...).

Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta que nos permite aos cidadáns e cidadás enfrontármolos á crecente cantidade de información de que se dispón, e por tanto con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- ✓ Uso de dicionarios dixitais.
- ✓ Uso de correctores ortográficos.
- ✓ Emprego de enciclopedias e bibliotecas virtuais.
- ✓ Acceso a xornais dixitais
- ✓ A produción de textos propios logo da selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.
- ✓ Uso de soportes electrónicos para a presentación de traballos e para o desenvolvemento do Plan Lector, etc.

Competencias sociais e cívicas (CSC). Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase, polo tanto, dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia.

Desde a materia de lingua castelá e literatura é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

O traballo das destrezas dialóxicas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica de normas sociais de convivencia ou no emprego da negociación para chegar a acordos. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar na nosa materia esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área, así como a valoración da diversidade lingüística e a importancia da crítica textual, fan fundamental o traballo da CSC.

Algunhas das actividades que contribúen a desenvolver esta competencia son:

- ✓ A análise crítica dos usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuizos e imaxes estereotipadas do mundo.
- ✓ Os comentarios críticos de distintos tipos de textos (especialmente os procedentes dos medios de comunicación)
- ✓ Actividades de adquisición de destrezas para comunicarse de forma eficaz.
- ✓ As conversas reflexivas e os debates.
- ✓ As intervencións en público.
- ✓ As charlas literarias, etc.

Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC). Disponse de competencia cultural e artística se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área isto concrétese sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias e o coñecemento do acervo literario fan da nosa área un cauce idóneo para adestrar a competencia. Se ademais se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema..., esta competencia sairá reforzada.

Algunhas das actividades previstas nesta programación que contribúen a desenvolver a CCEC son:

Lecturas dramatizadas.

Visión e análise de filmes ou documentais.

Lecturas de textos literarios na aula.

Lecturas individuais das obras literarias obrigatorias e voluntarias.

Identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren.

Análises da evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.

Debates ou proxectos sobre diversidade cultural.

(A situación actual levanos a non poder saber a estas alturas se no presente curso serán posibles as visitas a museos, roteiros literarios ou asistencia a representacións teatrais)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Aínda que esta competencia non ten peso na nosa materia, podemos contribuír a desenvolver de forma xeral varios aspectos desta competencia. As análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico e a súa sistematización a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variada tipoloxía e temática dos textos posibilita a relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Ademais a lingua é imprescindible para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. Algunhas das actividades que poden contribuír a desenvolver esta competencia son:

- ✓ Interpretar mapas
- ✓ Comentar gráficas
- ✓ Interpretar estatísticas
- ✓ Realizar estudos sociolingüísticos
- ✓ Calcular porcentaxes...

2.3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

2.3.1 Aspectos metodolóxico-didácticos de carácter xeral

O modelo didáctico que asumimos parte da *Teoría da Aprendizaxe Significativa* que está centrada basicamente arredor de dous principios psicopedagóxicos:

1. **A aprendizaxe** é un proceso de **construción do coñecemento** que o alumno/a realiza activamente guiado polo profesorado.
2. **As aprendizaxes** deben ser **significativas**; isto é, deben ter sentido para o alumnado, única maneira de que estea motivado para adquirilas.

A metodoloxía basearase no **modelo construtivista**. Segundo esta concepción, a acción educativa debe estar dirixida a facilitar o desenvolvemento, por parte do alumnado, de **aprendizaxes significativas**. Para que esta aprendizaxe se produza é preciso que os novos contidos, obxecto da aprendizaxe, se integren na estrutura cognoscitiva do alumno de xeito comprensivo e funcional, isto é, de maneira que eses novos contidos adquiren significado en relación cos contidos xa posuídos e con plena conciencia da súa aplicación en contextos diversos.

Para facilitar unha aprendizaxe significativa, en consecuencia co modelo didáctico exposto, a metodoloxía que empregaremos vai ter as seguintes características:

- Será **indutiva**, potenciadora do protagonismo do alumno, fuxindo o máis posible da clase maxistral.
- Estará **centrada no alumno/a**, que se autoformará interactuando cos compañeiros e compañeiras e co profesorado, que actuará como facilitador ou mediador das aprendizaxes.
- Potenciará **a creatividade e a orixinalidade** presentando propostas de traballo su-xestivas e adecuadas aos intereses do alumnado.
- Desenvolverá **a motivación intrínseca**, ou sexa, a atracción e o gusto pola tarefa en si. Se as tarefas que se ofrecen son útiles para outras aprendizaxes escolares e/ou para a vida do suxeito, créanse hábitos de traballo gratificantes. Aprender é motivador por si mesmo se os contidos teñen interese e sentido para os alumnado. Para que isto poida ocorrer debemos desenvolverlos sempre a partir dos seus coñecementos pre-vios e de situacións concretas e particulares que lles resulten significativas. A partir do coñecido, concreto e particular podemos chegar, impulsando o potencial de aprendizaxe de cada un, ata o máis descoñecido, xeral e abstracto.
- Os contidos terán unha **significativade lóxica** (coherente desde o punto de vista disciplinar) e tamén **psicolóxica** (coherente co nivel de madurez cognitiva do alumnado).
- O nivel das actividades de aprendizaxe estará entre o que xa sabe facer autonomamente o alumno/a e o que é quen de facer coa axuda do profesorado.
- Fomentará a **participación activa** nas clases. O ensino non debe ser un traspaso de información do profesorado ao alumnado, senón un proceso colaborativo de desenvolvemento persoal. O alumnado aprende do profesorado, pero tamén dos seus compañeiros e compañeiras, do conxunto de actividades que realizan entre si, etc.
- Fomentará o **traballo cooperativo**. En grupo os alumnado aprende non só a pensar, senón tamén a observar, escoitar, confrontar as opinións propias coas alleas, respectalas, e formular hipóteses nunha tarefa en equipo.

- Potenciará a memoria, pero sobre todo a **memoria comprensiva** que é capaz de actualizar, cando os necesitamos, os coñecementos aprendidos. Este tipo de memoria permite a transferencia das aprendizaxes a outros contextos.

2.3.2 Concrecións metodolóxicas na materia

O proceso de ensino-aprendizaxe para as linguas deberá integrarse na práctica da aula a través de actividades e situacións significativas para o alumnado, tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar comprensivamente e falar, ler e escribir), así como, en xeral, todos os **bloques de contidos** (escoitar e falar, ler e escribir, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e literatura), cada un coa súa especificidade, pero sempre en articulación cos demais, pois a súa aprendizaxe constitúe un todo coherente no que os diferentes contidos se complementan.

O **ensino desta área**, así como a **secuenciación de contidos** en cada un dos bloques, parte do principio de que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ó mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Polo tanto, secuenciar contidos non implica en moitos casos facer unha selección dos que se dan en cada curso, senón indicar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar. Do mesmo xeito, os criterios de avaliación dos distintos cursos só se distinguirán na autonomía que as alumnas e os alumnos deberán demostrar na asimilación e uso práctico dos contidos, en función da súa madurez e de que se trate de avaliar a adquisición de novas habilidades ou a activación das vellas.

Os principios metodolóxicos xerais expostos guiarán as pautas concretas de actuación por parte do profesorado, tanto no relativo á selección, secuenciación e enfoque das **actividades** como no referente ás modalidades de traballo e organizativas (**contextos de aprendizaxe**).

As actividades que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes **características**:

- ➔ Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos.
- ➔ Estar relacionadas co contexto comunicativo no que se desenvolve o alumnado.
- ➔ Potenciar o emprego adecuado e eficaz da lingua castelá nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.
- ➔ Deben sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas.
- ➔ Deben estimular a competencia global para a comunicación lingüística e a transferencia de coñecementos entre as distintas linguas empregadas no centro.
- ➔ Deben atender á diversidade do alumnado.

- ➔ Deben promover a curiosidade a indagación e a experimentación (participación en proxectos novidosos, investigacións culturais, etc)
- ➔ Ser motivadoras para alumnado e profesorado.
- ➔ Deben potenciar a autoestima do alumnado.

As actividades, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes tipos:

TIPO DE ACTIVIDADE	FUNCIÓN	EXEMPLOS
De iniciación ou motivación	Serven para atraer a atención do alumnado sobre o tema ou traballo a desenvolver e centralo en función dos seus intereses ou do seu marco de referencia	Debates. <ul style="list-style-type: none"> • Provocar discrepancias. • Observación de imaxes, escoita ou lectura de textos que capten a atención do alumnado. • Presentación de problemas ou pregunta que induza á proposta de hipóteses. • Lanzamento de retos...
De enfoque	Proporcionan a base para experiencias ou para entrar no tema.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e comentario de textos. • Producción de textos. • Pescudas e busca de información... • Ver de imaxes, audiovisuais, modelos, representacións (gráficas, esquemas, mapas...), etc.. • Realización de actividades en Internet. • Participación en proxectos de dinamización lingüística e cultural • Excursións, visitas, saídas, asistencia a representacións teatrais... • Traballos de campo.
De ampliación	Mantéñen ao alumnado mentalmente activo, fomentan a motivación, promoven a asimilación e a consolidación de conceptos e proporcionan novas experiencias de aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de exercicios • Producción de textos literarios. • Investigacións na rede. • Postas en común. • Discusións e debates. • Busca de respostas. • Avaliacións conxuntas. • Explicación do traballo aos demais. • Participación en proxectos interdepartamentais. • Participación en clubs de lectura
De síntese ou final	Resumen a secuencia de aprendizaxe e centran os conceptos importantes.	<ul style="list-style-type: none"> • Facer resúmenes, mapas conceptuais, esquemas, gráficos, ... • Coloquios e postas en común. • Elaboración de exposicións, traballos.. • Elaboración de comentarios de lecturas, artigos para a prensa escolar. • Participación en debates, concursos de debate con apoios TIC, blogs de comentarios de lecturas... • Presentación de conclusións orais ou escritas.

O traballo de aula organízase en **bloques temáticos** nas que se propoñerán actividades ao alumnado. Estas actividades, detalladas algunhas delas no apartado anterior, contextualizaranse de acordo cos obxectivos e contidos previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes pautas de traballo (individuais e/ou colectivas):

- O profesorado, para cada apartado temático, realizará actividades de avaliación inicial e/ou outras actividades de iniciación, para saber o que o alumnado coñece do tema e detectar ideas previas. Estas realizaranse en gran grupo, en pequenos grupos ou individualmente, de xeito flexible.
- Posteriormente introduciranse, de forma breve e sintética e coa axuda dun pequeno guión ou mapa conceptual, os principais contidos conceptuais, axudando ao alumnado a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas. Neste caso consideramos que é necesaria unha información ou comunicación directa que o profesorado aportará de maneira oral e/ou con materiais visuais de apoio, en gran grupo ou grupo expositivo (con todo o grupo-clase).
- A continuación realizaranse actividades de enfoque e de ampliación, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto, dicionarios de aula e outros materiais (fo-tocopias de textos, esquemas, mapas conceptuais, multimedia, encerado dixital, etc.), e coa colaboración do profesorado cando sexa necesario.
- Determinadas actividades de enfoque e ampliación (como postas en común, coloquios e debates, explicación do traballo aos demais, avaliacións conxuntas etc.) requirirán a organización da aula en grupos.
- As actividades de síntese, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual (no caso de resolución de cuestións clave, elaboración de traballos escritos, esquemas, resumos, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de comentarios de texto...) ou en pequenos grupos (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público,...), á marxe das posibles recapitulacións que de xeito "maxistral" faga o profesorado.

- Por último, favoreceremos que non exista unha separación entre os traballos de clase, e outros, como a participación en proxectos de dinamización lingüística, participación en clubs de lectura, etc. pois aínda que representan lugares e tempos diferentes, procuraremos que exista unha clara interrelación baseada nunha unidade dos contidos.

O traballo en pequenos grupos permitirá unha reflexión máis pausada, a elaboración de traballos compartidos e o intercambio e socialización dos saberes.

2.4. TEMPORALIZACIÓN

En xeral respectaremos a evolución e disposición do alumnado cara á materia de aprendizaxe, dándolle prioridade á motivación para aprender sobre calquera tipo de rixidez relacionada coa cantidade de contidos ou axuste temporal dos mesmos. Non obstante realizamos unha previsión temporal que aparece concretada en número de sesións que se empregarán para desenvolver cada un dos contidos de cada curso a través de cada bloque.

Esta temporalización (que aparece na táboa da programación específica de cada curso, por sesións adicadas a cada contido) é aproximada, de maneira que cada docente poderá combinar e/ou agrupar sesións en función das especificidades ou necesidades que presente cada grupo de alumnado e tamén en función da organización das actividades e/ou da metodoloxía empregada, segundo os tres bloques temáticos nos que se divide a materia.

Aproximadamente hai:

1º ESO (catro horas lectivas á semana):

1ª AVALIACIÓN (48 sesións) :

Clases de palabras: nome e adxetivo calificativo
 Funcións da linguaxe e elementos da comunicación
 Xénero narrativo: tipos de manifestacións literarias
 Textos narrativo
 Normas ortográficas

2ª AVALIACIÓN (42 sesións) :

Clases de palabras: verbo
 Xénero lírico: Poesía, recursos...
 Texto descritivo: características
 Esquemas/ Resumo

3ª AVALIACIÓN (46 sesións):

Clases de palabras: Determinantes, pronomes, Invariables.
 Xénero teatral: autores e características.
 Texto dialóxico.

Unha das catro horas adicarase ao estudo das normas ortográficas e á o coidado da lingua como expresión oral e escrita. Ao longo de todo o curso traballarase minuciosamente a comprensión escrita e oral, así como os distintos medios de comunicación como novos linguaxes .

2º ESO (tres horas lectivas á semana)

1ª AVALIACIÓN (35 sesións):

Funcións da linguaxe.
Clases de palabras (repaso)
Tipos de textos (narrativo, descritivo e dialóxico)
Xénero narrativo: Autores, Tipos e Características.

2ª AVALIACIÓN (30 sesións):

Texto expositivo (características)
Xénero lírico : Autores. Tipos e características.
Oración Simple: Sux. Pdo. CD, CI,CC e atributo.
Formación de palabras.

3ª AVALIACIÓN (30 sesións):

Texto argumentativo (características)
Xénero teatral:Orixes, autores, tipos e características
Oración Simple : Predicativo e Suplemento

Unha das tres horas adicarase ao estudo das normas ortográficas e á o coidado da lingua como expresión oral e escrita. Farase fincapé nos medios de comunicación como novos linguaxes e o estudo da comprensión escrita e oral.

3º ESO (tres horas lectivas á semana)

1ª AVALIACION (37 sesións):

Texto periodístico (noticia, editorial, artigo de opinión, columna)
Elementos da comunicación e funcións da linguaxe.
Conceptos: Lenguaxe, lingua, diglosia, dialecto, idiolecto...etc
Variedades da lingua, rexistros e xergas.
Oración simple: activa /pasiva; atributiva/ predicativa.

Funciones sintácticas: Sujeto/Predicado, Atributo/Predicativo.Literatura medieval

(**lirica medieval**: popular e culta; autores máis importantes- **narrativa medieval**: Cantares de gesta, Cantar de Mio Cid- **narrativa didáctica**: mester de clerecía, autores máis importantes)

2ª AVALIACION (30 sesións):

Texto argumentativo/ expositivo (características)

Literatura e linguaxe literario

Oración simple: CD, CI, Suplemento, CC tempo, lugar, modo..etc.Literatura

Renacentista: **poesía renacentista** (Garcilaso de la Vega, poesía ascética y mística, autores más importantes); **narrativa renacentista** (tipos de novelas, Lazarillo de Tormes); teatro.

3ª AVALIACION (30 sesións):

Formación de palabras: lexemas, morfemas derivativos, flexivos etc.

Relaciones semánticas: sinonimia, polisemia, homonimia...

Oracións compuestas coordinadas.

Formación de palabras.

Literatura Barroca-Quevedo, Góngora.

Ao longo do curso, a expresión- comprensión escrita e oral será traballada constantemente, así como, o estudo dos medios de comunicación como novos linguaxes.

4º ESO (tres horas lectivas á semana)

1ª AVALIACION (36 sesións):

Texto, coherencia, cohesión (recursos), adecuación.

Resumo e inicio ao comentáριο crítico.

Literatura: Romanticismo/ Realismo/ Naturalismo.

Oración simple: activa/ pasiva; atributiva/ predicativa, etc..

Funcions sintácticas: suxeito, predicado, atributo, predicativo, etc..

Oración coordinada.

2ª AVALIACIÓN (30 sesións):

Comentario poético.

Formación de palabras: lexemas, morfemas...etc.

Relacions semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia...etc

Oración subordinada sustantiva e adxectiva.

Literatura: Modernismo, Generación 98, Vanguardias.

3ª AVALIACIÓN (36 sesións):

Desenrolo complexo do comentario crítico

Literatura: Xeración 27 / Liter Hispanoamericana/Liter Moderna

Oración composta subordinada adverbial (tipos).

Os comentarios críticos e poéticos serán traballados en profundidade ao longo do curso, valorando os medios de comunicación como novos linguaxes de hoxe en día.

A previsión temporal será revisada ao final de cada trimestre e, na **Memoria Final do Departamento**, avaliaremos o seu cumprimento coa finalidade de, en caso necesario, realizar propostas para a súa modificación de cara ao curso seguinte.

2.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A avaliación é un proceso esencial no noso labor didáctico que non debe centrarse nos resultados académicos do alumnado senón que debe estar dirixida a medir a eficacia de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Dado que a avaliación debe estar integrada no proceso de ensino-aprendizaxe, terá que desenvolverse de xeito **continuo**, facilitando información sobre todos os compoñentes do proceso e das relacións que se establecen entre eles, para que o profesorado poida utilizar os seus resultados na reorientación tanto da súa metodoloxía, como da programación en xeral.

2.5.1. Procesos de avaliación

Neste sentido distinguiremos tres pasos ou momentos distintos pero complementarios na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe:

Avaliación inicial: Avaliación que ten como finalidade adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Empregaranse os seguintes procedementos:

- Probas escritas (permiten obter información dos coñecementos previos, así como a súa capacidade de expresión escrita e comprensión lectora): Test de contidos, resumos, creacións textuais..etc
- Proba orais (permiten obter información da súa capacidade de expresión oral, así como coñecementos e valoracións do mundo que lles rodea): Lectura ou visionando e posterior argumentación sobre o tema exposto (qué pensa, qué aporta, qué sinte..etc.)

Avaliación formativa: dáse ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe e serve para regular o proceso e introducir as modificacións que en cada momento consideremos oportunas. Neste sentido, a avaliación actuará como elemento de axuste e a información obtida nunca debe ser o principal referente para a avaliación sumativa.

Avaliación sumativa ou final: confirmase se conseguiron os obxectivos propostos se acadaron as competencias e dela derívase a cualificación final e/ou a proposta de promoción ou non de cada alumno.

2.5.2. Instrumentos de avaliación

Ao longo das actividades, traballos ou probas que se fagan en cada bloque temático, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará a información sobre o grao de adquisición de cada alumno/a.

Instrumentos específicos para avaliar:

Actividades e exercicios (de enfoque, de ampliación e de síntese) que se realicen ao longo de cada trimestre. Estas actividades realizadas no caderno de clase e/ou en fichas de traballo serán do mesmo tipo que as que se pedirán nas probas e controis escritos.

Caderno de clase: Terá especial relevancia nos dous primeiros cursos da ESO e recollerá todas as actividades de grupo ou individuais. Pediráselle ao alumnado cando o profesorado o considere oportuno. O alumnado deberá levar o caderno ao día, e corrixir ou completar as actividades, se procede, despois das postas en común.

Traballos orais e/ou escritos (a man ou en soporte multimedia) que poderán ser dos seguintes tipos:

- Redacción de textos.
- Traballos monográficos individuais ou en grupo.
- Traballos de investigación ou Proxectos
- Informes sobre actividades ou saídas.
- Comentarios de texto.

Probas escritas e orais:

- Realizaranse por avaliación dúas probas obxectivas (escritas, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) da materia obxecto de estudo, que atenderán principalmente a conceptos e procedementos relacionados coas competencias en comunicación lingüística, social e cívica e a conciencia e expresións culturais (CCL, CSC e CCEC). Poderán constar de:

- Preguntas de resposta curta e/ou verdadeiro-falso.
- Comprensión e análise de textos (contido, forma, morfoloxía, sintaxe, léxico...)
- Comentarios libres ou guiados de textos.
- Realización de esquemas ou resumos.
- Exposición de temas.
- Exercicios de ortografía, morfoloxía, sintaxe ou léxico.
- Redacción de textos.

- Preguntas onde o alumnado deberá expoñer con lóxica e coherencia a súa valoración ou opinión persoal e /ou propoñerá solucións a un problema presentado.

Tamén se realizará por avaliación unha proba (escrita ou oral) ou unha actividade equivalente sobre os diferentes libros de lectura (un como mínimo por avaliación) que serán fixados ao inicio de cada curso.

Exposicións orais: poderán ser propostas polo profesorado coa finalidade de avaliar a capacidade oratoria e o uso e corrección oral da lingua.

O traballo persoal: valorarase a asistencia, interese, atención, participación, o traballo individual e en equipo, a actitude durante as actividades na aula ou fóra dela, así como a puntualidade na entrega dos traballos e o coidado e respecto do material de clase ou do de aulas específicas.

Corrección escrita: En toda produción escrita valoraranse negativamente os erros na presentación, ortografía, adecuación, coherencia ou cohesión.

Outros aspectos a ter en conta no proceso de avaliación:

- Valorarase positiva ou negativamente, por observación directa na aula ou por medio doutras probas orais complementarias, o uso diario e a corrección oral da lingua.
- Valorarase positivamente a participación voluntaria nas distintas actividades de clase e extraescolares.
- Terá tamén valoración positiva a correcta presentación dos traballos e do caderno de clase.

2.4.1. Criterios de cualificación

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

Realizaranse por avaliación unha ou dúas probas obxectivas (escritas e/ou orais, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) **da materia obxecto de estudo.**

Estas probas supoñerán o 60% da nota global de cada avaliación. Se o alumno opta por realizaren unha única lectura no trimestre o porcentaxe das probas será dun 70%.

Tamén se realizará por avaliación **unha proba (oral ou escrita) ou un traballo dos diferentes libros de lectura que suporá ata un 10%** (se o alumno realiza unha única lectura no trimestre) **ou un 20%** (se o alumno realiza dúas lecturas e as actividades correspondentes). As lecturas serán fixadas ao principio da avaliación. Se o alumno non presenta o traballo sobre a lectura dentro dos prazos establecidos polo profesorado, perderá o dereito a ser avaliado destas lecturas.

Haberá en cada trimestre unha **exposición oral** sobre algún tema de actualidade ou sobre algún contido da materia. Dita exposición terá adxudicado ata un **10%** da nota.

As composicións escritas (un mínimo de catro por trimestre) e o traballo diario valoraranse tamén con ata un **10%** da nota global de cada avaliación.

En toda produción escrita ou oral (traballos, exames...), tanto nas avaliacións parciais como na Ordinaria ou na Extraordinaria, valorarase a **presentación, a corrección ortográfica, a adecuación, a coherencia ou a cohesión**. En cada exercizo escrito os erros ortográficos (incluíndo tildes) descontarán 0,10. A presenza de erros formales na presentación poderá supor ata 0,25 menos na nota. A ausencia de coherencia e a mala cohesión restará ata 0,75 na nota final do exercicio.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza (ao punto inmediatamente superior) sempre a favor do alumno. A observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias poderá tamén favorecer ao alumno en casos concretos.

A non asistencia a calquera das probas previamente fixadas, orais ou escritas, deberá ser xustificada con xustificante médico ou similar de carácter oficial, así como de pais o tutor; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos. A repetición de ditas probas ou a entrega fora de prazo de calquera tarefa dependerá da correcta xustificación da falta.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final será a **media das tres avaliacións** e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.

Poderá ponderarse nalgúns casos que o alumno acade a nota máis alta na última avaliación.

RECUPERACIÓN

Non se realizarán probas de recuperación a longo do curso, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras.

Aqueles alumnos que presenten dificultades puntuais en áreas de coñecemento ou competencias, recibirán actividades de reforzo específicas, para emendar esas dificultades.

Se o alumno/a suspendese todas as avaliacións, disporá dunha proba obxectiva a primeira semana de xuño, que permita reavaliar a aqueles alumnos-as, que tras todas as medidas necesarias (traballos, reforzos, cambios metodolóxicos), non alcancen unha valoración positiva. Esta proba posibilitará unicamente acadar un cinco na materia.

PROBA FINAL EXTRAORDINARIA

Haberá unha convocatoria extraordinaria a finais de xuño na que o alumno que non conseguira superar a materia realizará unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos e aos mínimos esixibles traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

2.5.2. Seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes de cursos anteriores.

Aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1º) Mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso no que estea matriculado o alumno/a. A profesora entregarlle ao alumnado que teña coa materia pendente nos grupos en que imparte docencia material de traballo tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel.

Este material estará dividido en dúas partes. O alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesorado; finalmente o profesorado faralle unha proba de cada unha das partes (aproximadamente nos meses de xaneiro e marzo-abril, respectivamente). O profesorado outorgará unha nota a cada unha das probas. A nota media das dúas probas para considerar a materia superada será de 5 puntos.

Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se explica no punto seguinte.

2º) En caso de non aprobar a materia pola anterior vía, ou de decidir non facer uso dela, o alumnado poderá realizar a correspondente proba final única establecida para o mes de maio. A proba escrita terá que unha puntuación de 0-10, sendo o 5 o mínimo para obter o aprobado.

3º) En caso de no aprobar a materia polas dúas vías anteriores, o alumnado terá que acudir á convocatoria xuño. O alumno presentarse a un exame escrito que terá unha puntuación de 0-10, sendo o 5 o mínimo para obter o aprobado.

No presente curso son tres os alumnos que deben superar a materia do curso anterior. Estas medidas aquí sinaladas tamén poderían darse con alumnos incorporados o longo do curso.

2.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse os seguintes materiais e recursos:

No presente curso todos os grupos da ESO abordarán a materia de Lingua e Literatura Castelá a través da plataforma de **EDIXGAL**. A elaboración de materiais propios alternaras eco emprego de materiais xa disponibles na plataforma.

Con respecto aos libros de lectura na seguinte tabla recóllense por curso e trimestre as propostas do Departamento:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
1º ESO	<p>Manolito gafotas, Elvira Lindo, Seix Barral</p> <p>El caminio, Miguel Delibes, Austral.</p>	<p>Una canción de muy lejos, A.F. Harrold, Blackie Books</p> <p>El príncipe de la niebla, Carlos Ruíz Zafón, Anaya</p>	<p>Mentira, Care Santos, Edebé</p> <p>El príncipe que todo lo aprendió en los libros, Jacinto Benavente, Juventud.</p>
2º ESO	<p>Los escarabajos vuelan al atardecer, María Gripe, SM</p> <p>Esto y ESO, Raúl Vacas Polo, Edelvives</p>	<p>Las lágrimas de Shiva, Cesar Mallorquí, Edebé</p> <p>Cuatro corazones con freno y marcha atrás, Enrique Jardiel Poncela Vicens Vives</p>	<p>Nunca seré tu héroe, María Menéndez Ponte Editorial SM</p> <p>Melocotón en almíbar, Miguel Mihura, Austral</p>
3º ESO	<p>Nadie nos oye Nando López, Loqueleo</p> <p>Las bicicletas son para el verano, Fernando Arrabal, Austral.</p>	<p>La Celestina, Fernando de Rojas, SM</p> <p>La sonrisa de los peces de piedra, Rosa Huertas, Anaya</p>	<p>La vida es sueño, Lope de Vega, SM</p> <p>Consumir preferentemente, Raúl Vacas, Anaya</p>
4º ESO	<p>Don Juan Tenorio, José Zorrilla, SM.</p> <p>El curioso incidente del perro a medianoche, Mark HADDON, Salamandra</p>	<p>La soledad de un cuerpo acostumbrado a la herida, Elvira Sastre, Visor de Poesía.</p> <p>Entre visillos, Carmen Martín Gaité, Austral</p>	<p>Veinte poemas de amor y una canción desesperada, Pablo Neruda, Alianza</p> <p>Bodas de sangre, Federico García Lorca, SM</p>

Outro material complementario

Ademais contaremos con todos os recursos que poidan facer da aprendizaxe un proceso significativo para o alumnado. Así contemplaremos o uso de:

- Biblioteca do centro.
- Todos os recursos que se poidan obter coas TIC:
 - Listaxes de páxinas que nos remiten a distintas webs, blogs, audios, vídeos... que conteñen exercicios, actividades, e/ou propostas para buscar información, selecciónala, analizala e extraer as conclusións pertinentes
- Recursos fotocopiados con actividades de reforzo e ampliación.
- Recursos fotocopiados con lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Fragmentos de obras literarias (narrativa, escolmas poéticas, textos dramáticos...)
- Textos producidos polo propio alumnado.
- Dicionarios.
- Encontros con escritores e escritoras para falar sobre as obras lidas.
- Asistencia a conferencias ou debates
- Asistencia a proxeccións de cine, representacións teatrais relacionadas coa cultura galega, rutas literarias, visitas a museos, etc.

2.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial que caracteriza á especie humana é unha realidade insalvable que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, o alumnado é diferente no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúanos aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

Debido as características do centro, con moi pouco alumnado, non se contempla un agrupamento flexible en 1º e 2º da ESO na materia. pero a atención á diversidade virá dada por un seguimento máis persoal do alumnado, adaptando e escollendo o material de traballo de acordo coas súas posibilidades e o seu ritmo de aprendizaxe e, en todo caso, centrándonos unicamente nos mínimos esixibles e naquelas competencias e usos lingüísticos, orais e escritos, que se consideren básicos e fundamentais para poder superar con garantías o correspondente nivel. Sempre co obxectivo de non significar aos alumnos, reforzar e axudar aos rapaces sen facer diferenciacóns académicas entre eles.

Neste curso en 3º da ESO contaremos co apoio en principio dentro da aula en algunhas das sesións dunha profesora terapéutica que reforzará o traballo en 2º con unha alumna. Contamos ademais coa súa axuda puntual con calquera outro alumno que poidera necesitala.

2.7.1. Actividades de reforz3 e ampliación

Van dirixidas a:

- Alumnado con dificultades de aprendizaxe, por carecer de motivación ou por outros motivos que poidan presentar.
- Alumnado con nivel de motivación maior, que permita un tratamento máis ampliado de certas cuestións.

No primeiro caso seleccionaranse actividades, sinxelas, que fagan fincapé nos conceptos e competencias básicas e tendo como referencia os mínimos esixibles. As referencias en cada unidade temática a aspectos xa tratados nas anteriores serán consideradas como unha medida de reforzo de gran importancia.

No segundo caso irán encamiñadas á realización de traballos de ampliación, de carácter voluntario, con actividades atractivas e que normalmente están fóra do tratamento dos contidos que se fan na aula.

2.7.2. Adaptacións curriculares significativas

Enténdese por Adaptación Curricular Significativa (ACS) a proposta curricular específica para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE). Nesta proposta introdúcense modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo común e pode afectar a unha, varias ou tódalas áreas.

No presente curso non hai ACI en ningún curso.

2.7.3. Programa de recuperación

Para o alumnado que promoci3 con materias suspensas de cursos anteriores, establecerase un programa para a recuperación das aprendizaxes desa materia, baseado nos mínimos esixibles do curso. Dado que o profesorado do Departamento non ten asignación horaria específica para esta función, o programa consistirá nas medidas programadas no apartado: "Recuperación das materias pendentes"

Dito programa non terá que ser aplicado posto que non se da ese suposto. Todos os alumnos do centro superaron a materia no curso anterior.

2.7.4. Programas específicos personalizados para alumnado repetidor

O departamento elaborará os programas que correspondan despois da análise individualizado da marcha académica do alumnado repetidor nos cursos da ESO, ao que se procederá durante o primeiro trimestre. O departamento, o profesorado que imparta a materia e o profesorado titor actuarán en permanente coordinación en todo o relativo á marcha académica do alumnado repetidor.

Algunhas das medidas que se poderían adoptar son:

- Revisión e seguimento periódico específico das tarefas escolares.
- Simplificación das tarefas, se o ritmo de aprendizaxe o fai preciso, tomando como referencia os mínimos esixibles.
- Comunicación continua co profesor/a titor/a en todo o relativo ao rendemento académico e actitudes deste alumnado

Tampouco será necesario tomar estas medidas posto que non hai a día de hoxe alumnado repetidor.

2.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A programación destas actividades vai destinada a reforzar os contidos traballados na aula, e a motivación do alumnado na materia, así como a potenciar a relación da materia co contexto social.

Estas actividades están contempladas maioritariamente dentro do horario escolar e a súa realización dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento, así como da oferta de cada curso.

Deixamos aberto á posibilidade de participar en visitas a obras de teatro que ao longo do curso nos podan ofertar ou outras actividades que desperten interés dentro do ámbito que estamos a traballar.

Dentro do centro, participamos activamente en:

***O Club de lectura “ A cova das palabras”:** organizado polo departamento de Lingua Castelá e Literatura en colaboración co de Lingua Francesa e no do que moitos alumnos forman parte. As sesións comezarán no mes de novembro e esperamos contar cunha afluencia tan exitosa coma a do curso anterior.

***O Plan lector** ao longo do curso, estase a desenvolver o Plan Lector no centro, tódolos días adícanse 15 minutos de disfrute de lectura através de diferentes soportes dixitais e outras actividades en sesións que van rotando o largo das distintas semanas. Este plan apoiado polo departamento, ofrece os alumnos variedades de libros como oferta de lectura.

*O departamento sigue este curso coa coordinación do **Grupo de Biblioteca**, e involúcrase activamente nas actividades, concursos e xogos cos que o alumnado manexa a lingua e a literatura como ferramenta de traballo e lecer.

2.9. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Consideramos fundamental ter en conta a idea de transversalidade como forma de relacionar os contidos da materia cos doutras, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos. O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, ao presentar a organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar.

O enfoque xeral da educación en valores debe estar implicado no proxecto de todo o centro e interrelacionado co resto dos membros da comunidade educativa (nais e pais, institucións...) tendo como finalidade os catro eixes básicos da educación: Aprender a coñecer, Aprender a facer, Aprender a vivir cos demais e Aprender a ser.

O talante con que se han de enfocar os contidos transversais debe ser integrador, é dicir, non deben ser entendidos como «engadidos» ó currículo nin como «materias illadas» que supoñan a elaboración de novos contidos; moi ao contrario, deben servir como vía para adoptar perspectivas múltiples que abran camiño e permitan dirixir e «enfocar» as competencias de modo máis completo e eficaz

2.9.1. Educación en Valores

O obxectivo fundamental no exercicio da educación, entendida como un proceso de perfeccionamento humano, é que colabore na adquisición de madurez do alumno, se estimule o interese polo estudo e o espírito de superación e fomente a integración social e a realización individual do ser humano, dende o punto de vista intelectual e laboral.

Así, esta materia quere transmitir tamén unha serie de valores ao noso alumnado para que aplique a súa vida diaria. Destacamos os seguintes:

- A) *Aprender a ser responsable.* Explicar as responsabilidades que deben adquirir os alumnos para poder formarse como persoas da mellor forma posible:
- Responsabilidade cara un mesmo.
 - Responsabilidade cara o traballo que debe facer.
 - Responsabilidade cara o consumo.
 - Responsabilidade cara a sociedade.
- B) *Aprender a ser respetuoso.* Aportar información, reflexión e debate sobre os catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:
- Aprender a ser respetuoso cun mesmo.
 - Aprender a ser respetuoso cos demais.

- Aprender a ser respetuoso co noso entorno.
- Aprender a ser respetuoso con o diferente a nos

C) *Aprender a ser empático.* Explicar a necesidade de atrevernol a entender aos demais, de pornos no seu lugar, para así fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as personas e mellorar a nosa sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:

- Sensibilidade cos demás.
- Solidaridade e cooperación.
- Amizade.
- Civismo.

D) *Aprender a autorregularse.* Explicar a importancia do autoconñecemento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:

- Autoconñecemento.
- Autocontrol das emocións.
- Aceptación das normas.
- Alegría e optimismo.

2.9.2. Contribución ao plan de convivencia

A través da materia de Lingua Castelá e Literatura intentarase:

- Concienciar ao alumnado da necesidade dunha boa convivencia.
- Fomentar o respecto a todos os membros da comunidade escolar.
- Fomentar a integración de todos os alumnos e alumnas do centro independentemente da súa lugar de orixe, raza ou relixión.
- Fomentar a cultura do diálogo e a mediación.
- Detectar e tratar de solucionar, o antes posible e de maneira pacífica, os conflitos que poidan xurdir no centro, ben sexa nas aulas, ben sexa nos lugares de lecer.
- Fomentar a axuda cara aqueles compañeiros que presenten máis dificultades na súa aprendizaxe.
- Facer partícipe ao alumnado da necesidade de coidar e manter en bon estado o espazo común a todos os membros da comunidade escolar.
- Facer partícipe ao alumnado da necesidade de coidar e manter en bon estado o seu material escolar.
- Concienciar ao profesorado da necesidade de actuar coa maior coordinación e coherencia posible no trato cos alumnos.

-Establecer criterios para fomentar el respeto e a humildade no trato humano tanto no ámbito académico como no persoal.

2.10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

En relación co Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación o profesorado do Departamento de Lingua Castelá e Literatura integrará materiais didácticos e curriculares -así como na metodoloxía- distintas propostas de uso, busca e elaboración de información coas novas tecnoloxías pois, no mundo actual, a información atópase, en gran parte, en soporte informático.

Algunhas das actividades que na nosa área realizará o alumnado serán:

- Busca de información en internet para tratar de desenvolver no alumnado a capacidade de poder realizar investigacións bibliográficas e de busca de información que estea en soporte informático e sensibilizalo no uso de internet como unha poderosa ferramenta de busca de información.
- Realización de traballos temáticos co obxectivo de dotar ós alumnos dos coñecementos necesarios para que utilicen as TIC na realización de traballos ou presentacións sobre un tema concreto, podendo incorporar imaxes, gráficos, etc.
- Emprego de correctores ortográficos.
- Emprego de xornais dixitais.
- Actividades con páxinas de poemas musicados e outros contidos literarios.
- Realización de actividades de comprensión e ampliación mediante o uso das TIC, como por exemplo exercicios como os que habitualmente se realizan na aula, pero neste caso co ordenador.
- Uso das TIC para participar en foros ou blogs de lecturas.

2.11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Nese proceso de avaliación dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente, o departamento de Lingua e Literatura Castelá establece os indicadores de logro que figuran nas táboas que aparecen a continuación deste parágrafo cunha escala de 1 a 4 aparellada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.				
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.				
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.				
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.				
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.				
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.				
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise				
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.				
6. Potenciar estratexias de animación á lectura.				
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos				
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos				
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.				
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.				

14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.				
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación				

2.12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, ...

Por outra parte, é case seguro que ao longo do curso académico xurdan actividades interesantes que non figuraban na programación e novas ideas sobre un ou máis aspectos da programación inicial.

As reunións do Departamento conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. E dicir, conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que van aparecendo.

De todas as maneiras, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Lingua Castelá e Literatura establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela				
	1	2	3	4

1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
2. Respetar a secuenciación prevista dos estándares para cada unha das unidades.				
3. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.				
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.				
6. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.				
7. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.				
8. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.				
9. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.				
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.				
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
12. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
13. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.				
14. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias				
15. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.				
16. Adecuar os exames aos estándares establecidos.				
17. Realizar as actividades complementarias previstas.				
18. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
19. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
20. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.				
21. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.				
22. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				

3.1. PROGRAMACIONES ESPECÍFICAS: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

3.1.- PRIMEIRO DE ESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.	
CONTIDOS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación. 2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais 3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. 4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. 5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. 	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
1. escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.	1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os intercambios comunicativos de carácter oral.
2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.	2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.
3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	<ol style="list-style-type: none"> 3.1. Valora a claridade expositiva. 3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. 3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación.
4. Aprender a falar en público, en situación formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	4.1. Realiza presentacións orais.
5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.	
CONTIDOS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social. 2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. 3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. 4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. 5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados. 	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
1- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	<ol style="list-style-type: none"> 1.1- Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. 1.2- Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. 1.3- Interpreta, explica e deduce a información dada en

	diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.
2.-Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	<p>2.1- Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</p> <p>2.2- Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</p> <p>2.3- Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.</p>
3- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.
4- Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	<p>4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.</p> <p>4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.</p> <p>4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.</p>

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA.

CONTIDOS

1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.
2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.
4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.
6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.
8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver una competencia comunicativa integrada.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	<p>1.1- Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos.</p> <p>1.2- Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> <p>1.3- Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</p>
2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.	2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.
3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxico.
4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.	4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en

	relación coa intención comunicativa de emisor.
5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.	6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.
7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA.

CONTIDOS

1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1- Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.	1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
2-Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	2.1-Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras. 2.2- Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.
3-Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	3.1- Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. 3.2- Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.

3.2.- SEGUNDO DE ESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

CONTIDOS

Escoitar

1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa finalidade que persiguen: textos narrativos descriptivos e instructivos. El diálogo.

Falar

1. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais e avaliación progresiva.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1.- Comprender, interpretar e valorar textos orais propios do ámbito persoal, académico/escolar e social.

1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/académico e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do falante.
1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do texto analizando fontes de procedencia non verbal.

	<p>1.3. Reteñe información relevante e extrae informacións concretas.</p> <p>1.4. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.</p> <p>1.5. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e na información da opinión en noticias, reportaxes, etc. identificando as estratexias de enfatización e de expansión.</p> <p>1.6. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas, de forma clara, en oracións que se relacionen lóxica e semánticamente.</p>
